



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Ortopodoloxía 3		Código	750G02019
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Santalla Borreiros, Fátima	Correo electrónico	f.santalla@udc.es	
Profesorado	Santalla Borreiros, Fátima	Correo electrónico	f.santalla@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	A materia versará sobre as indicacións e contraindicacións na aplicación de prótese e ortesis á extremidade inferior; deseño, obtención e aplicación mediante diferentes técnicas e materiais de prótese e ortesis para as alteracións do pé, así como coñecer e deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico da patoloxía da extremidade inferior.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Ningún</p> <p>2. Metodoloxías: *Metodoloxías docentes que se mantieñen: Todas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: -Prácticas de laboratorio. Para aqueles alumnxs que por motivos de corentena ou confinamento (individual ou grupal) non poidan acudir presencialmente (que deberán de acreditar adecuadamente a través do campus virtual da materia e comunicándoo o mesmo día ao docente da materia por correo electrónico) modificarase na medida do posible o calendario de prácticas puidendo ter que facer cambios de data do grupo que realizará as prácticas, para cumprir, sempre que se poda, o número de prácticas totais do alumnado. De non poder realizarse o 100% das prácticas clínicas intentarase a recuperación de, como mínimo, o 50% das mesmas dentro do periodo permitido.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada realizarase a través do correo electrónico e da plataforma Teams no horario de titorías da docente.</p> <p>4. Modificacións na avaliación As metodoloxías e porcentaxes de avaliación se manteñen. -A PROBA OBXECTIVA e a PROBA PRÁCTICA realizarase de modo presencial según as normas de presencialidade do momento. -PRÁCTICAS DE LABORATORIO. De darse a situación de non poder levar a cabo a totalidade das prácticas o alumnado deberá realizar un mínimo do 50% das prácticas para superar a materia, recuperándose posteriormente no periodo permitido. Nesta situación avaliarase as prácticas realizadas(mínimo 50%), cun poscentaxe do 30% da avaliación.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Sen cambios</p>			



Código	Competencias do título
A20	Coñecer e desenvolver as técnicas de exploración, para emitir un diagnóstico e pronóstico, e deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico da patoloxía da extremidade inferior. Traumatismos óseos e músculo ligamentosos. Patoloxía do antepé e do retropé. Deformidades conxénitas. Lesións neurolóxicas. Amputacións. Asimetrías.
A22	Deseñar, obter e aplicar mediante diferentes técnicas e materiais os ortesis plantares e ortesis dixitais, próteses, férulas. Ortesiología plantar e digital. Estudo do calzado e calzadoterapia. Prescrición de tratamentos ortopédicos da extremidade inferior.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B9	Fomento dunha segunda lingua de interese para a profesión.
B11	Coñecementos de informática relativos ó seu ámbito de estudo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B14	Implicación na calidade e busca da excelencia.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer e realizar a prescrición de tratamentos ortopédicos da extremidade inferior.	A20 A22	B1 B3 B5 B7 B9 B11 B12 B14 B19	C1 C3 C5 C7
Deseñar e obter mediante diferentes técnicas e materiais os ortesis plantares e próteses das patoloxía do antepé e do retropé, deformidades conxénitas, lesións neurolóxicas, amputacións e asimetrías.	A20 A22	B1 B3 B5 B7 B9 B11 B12 B14 B19	C1 C3 C5 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
I. INTRODUCCIÓN. CONCEPTOS XERAIS DE ORTOPROTÉSICA.	
II. TRATAMENTO PROTÉSICO PARA AS AMPUTACIÓNS DO MEMBRO INFERIOR.	
III. ORTESIS E AXUDAS PARA A MARCHA	



IV. ORTESIS PARA A PATOLOXÍA DE CADEIRA	
V. MANEXO ORTÉSICO DA PATOLOXÍA PODOLÓXICA INFANTIL	
VI. MANEXO ORTÉSICO DA PATOLOXÍA PODOLÓXICA XERIÁTRICA	
VII. MANEXO ORTÉSICO DAS DEFORMIDADES CONXÉNITAS, LESIÓNS NEUROLÓXICAS E GRANDES DEFORMIDADES.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas de laboratorio	A20 A22 B5 B7 B14 B19	18	6	24
Proba obxectiva	A20 A22 B1 B3 B9 B11 B12 C1 C3 C5 C7	2	121	123
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas de Laboratorio o alumnado debe pór en práctica os contidos teóricos da materia con actividades individuais ou en grupo.
Proba obxectiva	A proba obxectiva está relacionada cos contidos expostos nas sesións maxistras, talleres e prácticas de laboratorio.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	A atención personalizada realizarase de forma virtual a través do correo electrónico ou Teams programada previamente coa profesora.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A20 A22 B1 B3 B9 B11 B12 C1 C3 C5 C7	Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras, como en talleres, prácticas de laboratorio e exposición de traballos tutelados. É necesario obter, polo menos, un 50% da cualificación total da proba obxectiva para superar a materia. 15 días antes da proba facilitaráselle ó alumnado as indicacións, tipo de preguntas e puntuación das preguntas do examen.	70
Prácticas de laboratorio	A20 A22 B5 B7 B14 B19	SERÁ OBRIGATORIO A ASISTENCIA Á TOTALIDADE DAS PRÁCTICAS DE LABORATORIO PARA SUPERAR A MATERIA. O alumnado que teña faltas de puntualidade e de actitude durante as prácticas, será penalizado en cada ocasión, sobre a nota de prácticas. Ao comezo de curso elaborárase un calendario de prácticas por grupo. Nos últimos días das prácticas realizarase un examen práctico sobre un caso clínico simulado no que o alumnado deberá elaborar un tratamento ortopodolóxico. É necesario obter, polo menos, un 50 % da calificación total do examen práctico para superar a materia	30



Observacións avaliación

Os horarios das diferentes metodoloxías se adaptarán dentro do horario da materia de Ortopodoloxía Clínica do Plan de Estudos do Grao en Podoloxía 2019.

PARA SUPERAR A MATERIA É NECESARIO:- PRÁCTICAS DE LABORATORIO: Asistir á totalidade das prácticas de laboratorio. Superar a proba práctica cun 50% da cualificación total desta.- **PROBA OBXECTIVA:** Superar a proba obxectiva cun 50% da cualificación total desta.É NECESARIO QUE A SUMA DE TÓDALAS METODOLOXÍAS OBTEÑAN UN 50% DA CUALIFICACIÓN TOTAL DA MATERIA.

MATRICULA DE HONRA. O alumnado con nota igual ou superior a 9 poderán optar a matrícula de honra. A decisión tomarase pola nota máis altas. De existir empate tomarase como referencia a nota máis alta das metodoloxías dende as de máis peso as de menor peso na avaliación.**NON**

PRESENTADO. O alumnado que non curse ou participe en ningunha das metodoloxías de avaliación será avaliado como "NON

PRESENTADO".MATRICULA PARCIAL. Para superar a materia deben superar nun 50% a nota da proba obxectiva e nun 50% a nota das prácticas de laboratorio. A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria. O alumnado debe informar ó profesor desa situación como moito ata un mes despois do inicio das clases.

DISPENSA. O alumnado con solicitude de dispensa ten a obriga de asistir á totalidade das prácticas de laboratorio. A avaliación das prácticas de laboratorio será a mesma que para o resto do alumnado, cunha puntuación do 30 % sobre a nota, tendo que superar a mesma nun 50%. E terá a opción de ser avaliado do resto das competencias na proba obxectiva cunha puntuación do 70%, sendo requisito imprescindible para superar a materia aprobar cunha puntuación igual ou superior ó 50%. Neste caso a proba obxectiva contará con preguntas tipo test e pregunta

escrita.**OPORTUNIDADE ADIANTADA.** O alumnado que non teña pendente mais de 12 créditos, de materias das que xa estivese matriculado nalgún curso académico, ou de 18 créditos correspondentes ás prácticas, ademais do TFG, para finalizar os seus estudos poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación, que se realizará antes da finalización das actividades académicas do 1º cuatrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do

alumnado.**2º O POSTERIORES OPORTUNIDADES.** O alumnado presentado a 2º ou posteriores oportunidades gardaráselles as notas da parte de proba práctica, obradoiros, traballos tutelados e exposición oral sempre que participase e superase as diferentes actividades.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Viosca Herrero, Enrique (2004). Guía de uso y prescripción de productos ortoprotésicos a medida. Valencia: Instituto de Biomecánica de Valencia (IBV) - Zambudio Periago, Ramón (2009). Prótesis, ortesis y ayudas técnicas.. Barcelona: Elsevier Masson - Oriol Cohí, Lluís Ximeno (2011). Actualizaciones en técnica ortopédica.. Barcelona: Masson - Staheli, Lynn T. (2002). Ortopedia pediátrica. Madrid: Marban - Viladot Pericé, Ramón. (2005). Ortesis y prótesis del aparato locomotor.. Barcelona:Masson <p>Ao longo do curso, xunto con cada unidade da materia, facilitaráselle ao alumno referencias bibliográficas específicas.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía específica do membro inferior/750G02002

Biomecánica do membro inferior/750G02013

Ortopodoloxía 1/750G02017

Ortopodoloxía 2/750G02018

Patoloxía Podolóxica 1/750G02021

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Patoloxía Podolóxica 2/750G02022

Materias que continúan o temario

Prácticum 1/750G02033

Prácticum 2/750G02034

Prácticum 3/750G02035

Observacións



 Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":

- 1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:
 - 1.1. Solicitase en formato virtual e/ou soporte informático
 - 1.2. Realizase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos
- 2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usase linguaxe non sexista, utilízase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciase a intervención en clase de alumnos e alumnas?). Facilitase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Ante unha situación de plaxio ou copia nas probas de avaliación aplicarase a normativa da UDC.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías